

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA SOLICITUDE PARA A REALIZACIÓN DUNHAS OBRAS URXENTES NA ZONA RURAL E ASÍ MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NESTAS ZONAS, POLO TANTO FAISE NECESARIA A CONTRATACIÓN DOS PROXECTOS DE OBRAS DE MELLORA DE AGLOMERADO EN QUENTE NA PISTA MUNICIPAL EN CASTELO DE ABAIXO , NA PISTA MUNICIPAL DE BOSENDE E NA PISTA MUNICIPAL EN MARGAZA.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 30-2022, por un importe total de 82.053,27 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivados da solicitude para a realización dunhas obras urxentes na zona rural e así mellorar a seguridade viaria nestas zonas, polo tanto faise necesaria a contratación dos seguintes proxectos:

- Obras de mellora de aglomerado en quente na pista municipal en Castelo de Abaixo por importe de 48.389,00 € (I.V.E. incluído)
- Obras de mellora de aglomerado en quente na pista municipal en Bosende por importe de 14.815,78 € (I.V.E. incluído)
- Obras de mellora de aglomerado en quente na pista municipal en Margaza por un importe de 18.848,49 € (I.V.E. incluído)

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 1929/2022 de día 25.11.2022, así como RCMOD núm: 2022/83839 de día 25.11.2022, por importe total de 82.053,27 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 82.053,27 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS		APLICACIÓNS		
-------------	--	-------------	--	--

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac4665892311108351082.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 30-2022 Aglomerado en quente diversas pistas

<u>ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
45910.22799	82.053,27 €	45910.60900	22XX00026	82.053,27 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	82.053,27 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		82.053,27 €

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.